

Martes 19

Homenaxe da XXXII SEMANA DE CINE SUBMARINO
UNIVERSIDADE DE VIGO a quen foi o seu director e
principal impulsor durante máis de 30 anos

José Luis González González

Fotógrafo submarino (Oviedo, 1952-
Vigo, 2023)


Enxeñeiro técnico na especialidade
de Mecánica. Residiu en Vigo desde
1974. José Luis González vivía o
mar, a fotografía e a divulgación da
riqueza ambiental das nosas rías.
Unha enerxía que alimentou dende
os inicios esta nosa Semana de Cine
Submarino e tamén a creación dun
espectacular arquivo de fotografía
subacuática internacionalmente
recoñecido. Foi o director e o
principal impulsor da Semana de Cine
Submarino de Vigo durante máis de
trinta anos. Foi director da revista
submarina Inmersión e colaborador
fotográfico en numerosas publicacións
e revistas nacionais e internacionais

(Fotógrafos de Natureza, Geo,
National Geographic, Ocean-Realm,
Inmersión e A natureza de España,
Mares de España/Ministerio de Medio
Ambiente).

É o autor dun dos máis extensos e
detallados arquivos fotográficos
dedicados á fauna e á flora submarina
de Galicia, así como de diversos
lugares onde mergullou: illas Azores,
Bahamas, Cuba, Mar Vermello,
Maldivas, illas de Cabo Verde, illas
Canarias, Senegal, Corea do Sur,
Noruega, illas de Frioul (Marsella),
Madeira, illa Mauricio... Atópanse
tamén no seu arquivo as paisaxes
subacuáticas e a flora e fauna dos ríos
e lagos de Galicia e Asturias.



José Luis González, unha vida baixo as augas



Duración: 9 min.
Producción: IBIS, Natureza e Imaxe SL (2024)
Realización: Manuel Pedrosa Sánchez
Fotografías: José Luis González

Sinopse


José Luis González, unha vida baixo as augas é unha curta documental
de 9 minutos de duración que rende tributo á obra de José Luis González,
un verdadeiro apaixonado da fotografía submarina. Esta homenaxe
visual revela o seu inigualable talento para capturar a esencia do mundo
submarino a través da súa lente.

José Luis, coñecido tamén por ser o principal impulsor e director da
Semana de Cine Submarino Universidade de Vigo, dedicou gran parte
da súa vida a explorar e a documentar a biodiversidade dos océanos,
desde as costas galegas ata os recunchos máis remotos do mundo, como
as illas Azores, o Mar Vermello e as Maldivas.

Descubrimos o impacto do seu traballo e a súa incansable procura por
sensibilizar o público sobre a importancia de conservar os nosos mares. A
narrativa visual do documental baséase nunha selección dalgunhas das
súas fotografías máis impresionantes, que destacan pola súa excepcional
calidade e pola conexión íntima que transmiten coa vida mariña.

Premios e galardóns (selección)

- Campión galego de fotografía submarina de 1987 ao 2000.
- Campión de España de fotografía submarina en 1993 e 1997.
- Subcampión do mundo no V Campionato do Mundo de Fotografía Submarina en 1994.
- Campión do mundo por equipos no VII Campionato do Mundo de Fotografía Submarina en 1998.
- Campión do mundo no IX Campionato do Mundo de Fotografía Submarina en 2002.
- Medalla de ouro da Federación Galega de Actividades Subacuáticas (Fegas) en 1991.
- Medalla de ouro da Confederación Mundial de Actividades Subacuáticas (CMAS) 50 xuíces en 1993.
- Medalla de ouro ao mérito deportivo da Federación Española de Actividades Subacuáticas en 2002.
- Real orde do mérito deportivo, medalla de bronce do Consello Superior de Deportes en 2002.
- Premio Galicia de Fotografía Submarina (Xunta de Galicia) en 1988 e 1989.
- Concurso Internacional Nikon Photo Contest International (NPCI, Xapón) en 1990, 1991 e 1997.
- Seventh International Photographic Art Exhibition Beijing (China) en 1995.
- Concurso fotográfico National Geographic 1995. BBC Wildlife Photographer of the Year.
- The Natural History Museum en 1999, 2000 e 2001.



uvigo.gal/cinesubmarino



Universidade de Vigo

Vicerreitoría
de Extensión
Universitaria

Patrocina
// Afundación
Obra Social ABANCA

XXXII SEMANA DE CINE SUBMARINO

Universidade de Vigo



19, 20 e 21 de novembro de 2024

20.00 horas

Auditorio da Sede Afundación Vigo
ENTRADA LIBRE

Martes 19

David Fernández Abella

Arqueólogo e mergullador profesional. Licenciado en historia pola USC con especialidade en historia medieval, antiga e arqueoloxía (2003), mestrado en arqueoloxía pola mesma universidade (2005) e Máster de arqueoloxía náutica e subacuática pola UB (2008), orientou a súa especialización cara a arqueoloxía medieval e o patrimonio cultural marítimo do Noroeste.

Traballa como arqueólogo profesional e tamén é investigador do grupo Ecopast da USC, contando con máis de un centenar de exposicións divulgativas e publicacións científicas. Tras máis de dúas décadas adicado a arqueoloxía subacuática principalmente no ámbito galego, compaxina a súa a súa labor profesional con proxectos de investigación histórico/arqueolóxica

cun forte componente social, incidindo ademais de na investigación, na divulgación do patrimonio cultural subacuático e a educación patrimonial



El pecio Bou Ferrer de la Vila Joiosa: un yacimiento extraordinario



2021, 20 minutos. Alacante Español José Antonio Moya, María Jesús Ortiz e Antonio Espinosa. UA Museo arqueolóxico de Vila Joiosa

Sinopse

O audiovisual conta a historia do descubrimento e a investigación dunha das maiores naves antigas en escavación no Mediterráneo. Un daqueles grandes buques de comercio do Imperio Romano que chegaban ao porto de Roma procedentes da actual Cádiz.

Para o armador e para o emperador Nerón foi unha grave perda. Para a ciencia é unha oportunidade única. O xacemento deparou continúas sorpresas que o converten nun xacemento extraordinario. A UNESCO declarouno un dos sete lugares do seu Catálogo Mundial de Mellores Prácticas do Patrimonio Cultural Subacuático.

O documental desvela, a través das voces dos descubridores, os científicos ou as forzas de seguridade, que se sente ao descubrir e comunicar a existencia dun pecio desta importancia, como se chegou a datar o afundimento cunha precisión de só dous anos, ou como se protexe do espolio.

O audiovisual forma parte da sala de interpretación do Bou Ferrer en Vilamuseu, ofrece imaxes submarinas gravadas durante dúas décadas e convidanos a acompañalo na última viaxe a través dunha reconstrución virtual que recrea con detalle e en base a toda a documentación científica, como se cargaron na adega os lingotes de chumbo do emperador e as ánforas, como navegaba e como se afundiú.

Proxecto Argos: memoria e patrimonio baixo a ría



2021, 23 minutos Producción: ELFARERO audiovisuales Dirección e realización: Manuel Vázquez González Operadores de cámara: Miguel Rubio Fernández e Manuel Vázquez González Director de fotografía: Manuel Vázquez González

Sinopse

Memoria e patrimonio baixo a ría (2021) e o segundo documental impulsado polo Proxecto Argos, estudio, difusión e valorización do Patrimonio Cultural marítimo da ría de Ribadeo / Eo.

O obxectivo principal deste documental é poñer en valor a importancia do patrimonio cultural subacuático da ría. A través de entrevistas persoais a membros do proxecto, incidese no proceso de estudio e as ameazas que ten este fráxil patrimonio, e a necesidade que temos de dar a coñecer e conservar este legado común de todos nós.

Mércores 20

José Antonio Moya

(Alacante 1961)

Periodista, director e realizador audiovisual. Doutor en Comunicación pola Universidade de Alacante. Xornalista e máster en Innovación en Xornalismo pola Universidade Miguel Hernández, arqueólogo e máster en Arqueoloxía Profesional pola Universidade de Alacante. Mergullador Profesional polo Politécnico Marítimo Pesqueiro de Alacante.

Profesor do Departamento de Comunicación e membro do Instituto de Arqueoloxía e Patrimonio Histórico

da Universidade de Alacante. Director do Grupo de Investigación Competitivo ICOMAV da Universidade de Alacante e director da Sede da Universidade de Alacante en Vila Joiosa.

Investiga na documentación do patrimonio cultural e natural mergullado. Dirixiu e participou en múltiples proxectos de investigación como as expedicións Bentart na Antártida (IEO), Mar de España (MITYC), Docusub Cuba (UA), o pecio Bou Ferrer (Generalitat Valenciana), o pecio Mazarrón 2 (Región de Murcia

Videos e documentais premiados no Cimasub de Donostia



2023, 70 minutos

Cinemasub

O Ciclo Internacional de Cinema Submarino de San Sebastián (CIMASUB) regresa á XXXII Semana de Cinema Submarino de Vigo por sétima vez, despois da súa última participación na cidade no ano 1992.

Esta nova sesión do CIMASUB promete ofrecer unha experiencia inesquecible para os amantes do océano e o cinema documental, levando á audiencia ás profundidades do mundo submarino cunha cuidada selección de curtametraxes e documentais de cineastas de todo o mundo, destacando tanto pola calidade das súas imaxes como polas súas mensaxes de concienciación sobre a conservación mariña.

Entre as proxeccións máis esperadas atópase “Indonesia Blue”, do cineasta austríaco Fabian Guggenberger, galardoado co premio Varanda de Ouro á mellor curtametraxe. Esta obra inmersiva explora as misteriosas augas de Indonesia, mostrando as criaturas máis raras e fascinantes do planeta. Tamén se poderá gozar da curtametraxe musical “Strangest Things” de Dustin Adamson (USA), que foi premiado coa Varanda de Ouro na súa categoría. Este filme transporta ao espectador a un mundo submarino extraordinario, con efectos de son innovadores

e UV), o pecio Rocciu de Córsega (CSIC), o pecio Ses Fontanelles (UB-UCA-UIB) ou o pecio Delta 1 (Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico). Director das series de televisión A España Mergullada (TVE) e Andalucía Submarina (Canle Sur). Autor e coautor de numerosos artigos e libros sobre documentación e comunicación do patrimonio cultural.



e unha perspectiva que convida a cuestionar a percepción da realidade. Felipe Ravina, cineasta tinerfeño, presentará o seu aclamado traballo “As dúas caras de Tenerife”, galardoado como Mellor traballo de concienciación ecolóxica. Nesta curtametraxe, Ravina ofrece unha poderosa reflexión sobre as ameazas ambientais que afronta a illa de Tenerife, e envía un urxente chamado á acción para protexer os seus recursos naturais.

O prato forte da sesión será o documental de 35 minutos “Os Catro Reyes, o Santuario do Mar de Halmahera”, do director madrileño Karlos Simón. Este fascinante documental transporta ao espectador a un remoto paraíso mariño en Indonesia, onde arrecifes de coral asombrosos e unha gran diversidade de vida mariña coexisten en harmonía. Simón convidanos a reflexionar sobre a importancia do desenvolvemento sostible, ao mesmo tempo que celebra a beleza e resiliencia dos nosos océanos. Ademais, a sesión contará cun diaporama musical que destacará as mellores fotografías submarinas do concurso, ofrecendo unha visión artística da biodiversidade que habita baixa a auga e premiando aos fotógrafos máis talentosos.

Xoves 21

Patricia Quintas

(Xinzo de Limia -Ourense-, 1973)

Licenciada e Doutora en Ciencias do Mar pola Universidade de Vigo. Participou como investigadora en proxectos de investigación coa Universidade de Vigo e a Universidade de Santiago de Compostela para coñecer a distribución e diversidade da fauna mariña bentónica. Tamén colaborou co Instituto de Investigacións Mariñas (IIM-CSIC) en proxectos sobre o cultivo de cabaliños de mar en cativeiro con fins conservacionistas.

Os seus intereses actuais céntranse na comunicación social da ciencia. Ten experiencia no deseño, coordinación e execución de actividades de divulgación científica. Entre os anos 2019 e 2022 impulsou a creación da Unidade de Cultura Científica do IEO-CSIC. Na actualidade, traballa no Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación Cetmar como xestora do proxecto BlueWWater que aborda o problema dos contaminantes de preocupación emerxente no medio acuático.

O submarinismo, que practicou con fins científicos en varias rías de Galicia, permitiulle coñecer en directo e de primeira man “algo” do que ocorre alí abaixo, interpretar mellor as observacións en laboratorio e transmitir o aprendido con máis respecto e entusiasmo á sociedade.

Asistiu á Semana de Cinema Submarino de Vigo desde os seus comezos.



Islas Cíes: Biodiversidad amenazada



Galicia, 6 minutos Español Proxecto: Jose Irisarri Realización e produción : Jose Irisarri/luzlux Imaxe submarina: Jose Irisarri, Jordi Atienza e Manuel E. Garci Imaxe aérea e terrestre: Fernando Rey, Suso Bande, Iradier Rovira, Pablo Martínez e Santiago Blanco Asesores científicos e colaboradores: Rafael Bañon e Jade Irisarri

Sinopse

A finais do século XIX segundo fontes da época as lagostas capturadas en augas de Galicia e o Cantábrico naqueles anos ascendían a 9.000.000 de exemplares!!

A mediados do século XX as capturas de lagosta aínda eran importantes, un 4.000 kg por barco durante a campaña de 3 meses. O ex patrón da confraría de pescadores "Santa Tegra" da Guarda, Francisco Pérez, aínda lembra as impresionantes capturas a finais dos sesenta, cando os pescadores locais capturaban ata 5.000 kg á semana. As lagostas desapareceron das Illas Cíes a mediados dos anos 80. De nos depende que isto non volva producirse con outras especies que mostran un acusado declive nas últimas décadas As reservas mariñas son instrumentos de preservación da biodiversidade que demostraron os seus excelentes resultados en moitísimas partes do mundo. Recuperar as lagostas en augas das Illas Cíes é posible.

Marcados para sobrevivir



Galicia, 52 minutos: Galego Producción e proxecto: Jose Irisarri Guión e dirección: Manuel Uhiá Imaxe submarina: Jose Irisarri, Manuel E. Garci e Gonzalo Mucientes Asesores científicos: David Villegas e Gonzalo Mucientes (IIM-CSIC), Nuno Queiroz (Cibio), Eduardo González Gurriarán (Universidade da Coruña) Imaxe aérea e terrestre: Guillermo González

Sinopse

Os biólogos están avanzando máis que nunca para obter datos que permitan descifrar a bioloxía das especies mariñas, así como a súa interrelación cos organismos da súa contorna. Para conseguilo, dispoñen actualmente de sistemas inimaxinables hai décadas, como a tecnoloxía GPS, a telemetría acústica e programas informáticos para procesar miles de datos obtidos mediante estes equipos. O documental describe os avances realizados nos últimos anos no estudo de peixes, raías e centolas na costa de Galicia e de quenllas peláxicas no océano Atlántico. A información así obtida será clave para establecer criterios de pesca responsable e sostible que preserve estas especies.